

Onde acudir?

Centro de Atención Primaria de Outeiro de Rei

Barrio Soborvilla, 8
27150, Outeiro de Rei
Tlf: 982 392 598

P.A.C de Outeiro de Rei

Barrio Soborvila, s/n
27150, Outeiro de Rei
Tlf: 982 393 400

Garda Civil de Rábade

Rúa Cantalarrana, 27
27370, Rábade
Tlf: 982 390 005

Servizos Sociais de Outeiro de Rei

Praza do Concello, 1
27150, Outeiro de Rei
Tlf: 982 393 281

Xulgado de Violencia de Xénero

Rúa Armando Durán, s/n
27071, Lugo
Tlf: 982 294 735

Teléfono da muller

900 400 273

Teléfono de urxencias

112

Atención a vítimas de malos tratos

016

Fronte á violencia de xénero conta con nós



Concello de
Outeiro de Rei

Que é a violencia de xénero?

É a violencia que sofren as mulleres polo feito de selo.

De utilidade no caso de agresión:

- ♦ Se sufriches lesións, acude ao centro de saúde ou ao servizo de urxencias do PAC ou do hospital máis próximo.
- ♦ Se desexas denunciar, podes acudir ao xulgado de violencia polas mañás ou ao xulgado de garda. Igualmente, á comisaría de policía ou ao cuartel da garda civil.

Cales son os signos da violencia de xénero?

↗ Humillacións

mediante burlas, insultos ou reproches en público ou en privado. Ex: e ti que saberás disto? Anda vai para a cociña!

↗ Control

das amizades, forma de vestir, afeccións, diñeiro ou redes sociais. Ex: esa saia é demasiado curta. Non me gusta esa amiga túa non deberías saír con ela.

↗ Illamento

da vida social co obxectivo de que só se lle dedique tempo a el. Ex: se de verdade me quixeras non sairías hoxe e ficarías comigo.

↗ Acoso

mediante a vixilancia constante por medio do teléfono, na rúa e nos espazos en común. O acoso refórzase cando a relación se rompe. Ex: aparece sempre no traballo, na túa escola, no teu bar favorito etc.

↗ Descualificación

mediante agresións verbais co fin de atacar e menoscabar a autoestima. Ex: es unha inútil, non vales para nada!

↗ Manipulación emocional

mediante castigo, ameazas, vitimización ou premios cando se comporta como el quere. Ex: se te portas ben comigo eu son amable.

↗ Indiferenza afectiva

mostrando incluso rexeitamento ou desprezo. Ex: onte saíches coas túas amigas e hoxe non che fala.

↗ Ameazas

ante o risco de ruptura ou cando non cumpres coas súas expectativas. Ex: se me deixas non volverás a ver a túa filla!

↗ Violencia sexual

desde a presión ou a coacción para manter relacións sexuais ou a realización de determinadas prácticas sexuais ata a violación con agresión física. Ex: son o teu marido e ti fas o que eu che mando.

↗ Violencia física

desde diversos niveis como empurrar, cuspir, lanzar elementos, tirar do cabelo, empregar calquera tipo de arma, queimar ou golpear.

